



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MUNICIPAL POR RECOLLIDA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1.- Natureza, obxecto e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, regulamentadora das Facendas Locais e 6 a 23 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e co establecido na Orde de 14 de febreiro de 1974, na que se dan normas para a retirada de vehículos abandonados na vía pública e o subseguinte depósito, así como o establecido na Lei 5/1997, de 24 de marzo de reforma do texto articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por R.D. Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, este Concello establece a “Taxa Regulamentadora da Inmobilización e Recollida de Vehículos na vía Pública”, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, na que as normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 29/1998.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal derivada da inmobilización ou retirada de vehículos da vía pública e do depósito dos mesmos no lugar que polo Concello de A Guarda se determine, como consecuencia de atoparse estes nalgún suposto dos artigos 38.4 e 71. A, e, f do RD Lexislativo 339/1990, modificado pola Lei 5/1997 de 24 de marzo, artigo 292 do vixente Código da Circulación, e Orden Ministerial de 14 de febreiro de 1974 e demais normativa regulamentadora de Inmobilización e retirada de vehículos.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas fiscais e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, Titulares dos vehículos.-

Artigo 4.- Responsables

1. Respostarán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 2 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e coa alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria.

A cota tributaria determínase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte tarifa:

EPÍGRAFE UN: Inmobilización.

Por inmobilización..... 15,96 €



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EPÍGRAFE DOUS: Vehículos abandonados.

Por vehículos retirados do seu emprazamento pola grúa:

Enganche..... 23,84 €

Retirada..... 39,95 €

EPÍGRAFE TRES: Vehículos mal estacionados.

Sen abandono do seu propietario retirados pola grúa (Municipal ou contratada):

Enganche..... 23,84 €

Retirada..... 39,95 €

Máis o 50% de recargo sobre os 39,95 € se a intervención se realiza dende as 19:00 h. do sábado ás 08:00 h. do luns, así como dende as 19:00 h. das vésperas de festivos ata as 08:00 h. do día seguinte. Aumentará nun 50% da base de 39,95 € todos os servizos que se realicen dende as 20:00 h. ás 08:00 h. da mañá.

EPÍGRAFE CATRO: Depósito.

Por cada día ou fracción..... 19,88 €

EPÍGRAFE CINCO: Outros cargos.

Así mesmo, no cómputo da contía xeral para efectuar a retirada do vehículo, deberán aboar a sanción que corresponda, segundo o cadro de Multas da Ordenanza Municipal de Circulación.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da Taxa, se ben non procederá o seu pagamento polo titular nos supostos de subtracción ou outras formas de utilización ilexítima en contra da vontade do mesmo conforme ó artigo 71.2 do R.D. Lexislativo 339/1990.

Artigo 7.- Dereito a percepción

Nacerá a obriga de contribuír pola prestación do servizo que tende á retirada e, no seu caso, subseguinte depósito no lugar que designe o Concello de A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 8.-

De conformidade co preceptuado no artigo 26 da Lei 39/1988 de 26 de decembro, e co fin de garantir, en todo caso, o dereito da Administración, a taxa municipal pola inmovilización e retirada de vehículos da vía pública, así como o subseguinte depósito, esixirase ó suxeito pasivo, con carácter previo á devolución do vehículo, todo isto de conformidade co artigo 71.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de Infraccións Tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e, no seu caso á Ordenanza Xeral Municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.